

NORMAS DE CONVIVENCIA

- A Galescola prestará o seu servizo, de luns a venres en horario de 7:30 a 21:30 horas.
- O tempo de permanencia na Galescola será de 8 horas agás casos excepcionais.
- A Escola disporá de servizo de:
 - Almorzo, xantar, merenda.
 - O menú de cada xornada estará exposto no taboleiro de anuncios con prazo dunha semana de antelación.
 - Os almorzos na escola daranse ata as 9:00 horas da mañá e terán que traer da casa os cereais e o leite.
 - Todos aqueles nenos/as que utilicen o servizo de comedor normalmente, se algún día non acoden deberán avisar o día antes ou o mesmo día antes das 9:00 da mañá .
 - Poderán usar o servizo de comedor eventualmente os nenos/as que así o precisen, pagando a cota establecida por días soltos. Terán que avisar o día antes ou o mesmo día antes das 9:00 da mañá.
 - **O centro non contará con cociña ata o mes de setembro, mentres tanto cada familia deberá traer a comida e merenda elaborada da súa casa.**
 - Os nenos/as só serán entregados ao pai ou nai, ou persoa autorizada expresamente por escrito ou documentado.
 - Despois do proceso de matriculación, normalmente, realizarase unha reunión cos pais/nais por grupos para amosarlles as instalacións e explicarlles todo o que se considere de interese para eles.
 - Todos os usuarios aboarán a contía de once mensualidades por curso. Non se aboará a tarifa correspondente ao mes de vacacións anuais do

nenos/as. Estas poderán ser dun mes enteiro ou repartidas entre o 1 de setembro e o 31 de agosto.

- Os nenos/as traerán roupa cómoda á escola e marcada co seu nome. Preferible non traer pinzas do pelo, cinturóns, petos...
- Os nenos/as non deberán acudir ao centro con febre, diarrea, vómitos, ou enfermidades contaxiosas.
- Aqueles que teñan piollos quedarán na casa ata que sexan eliminados.
- Deberán traer á escola:
- Un paquete de cueiros se usan e un bote de toallíñas. Este material repoñerase cando sexa preciso.
- Os que tomen biberón deberán traer o biberón, leite, cereais, ...
- Os bebés traerán o seu biberón da auga.
- Todos os nenos/as que durman na escola deberán traer unha manta para o inverno e unha saba para o verán.
- Deberán traer un cepillo de dentes aqueles que coman no comedor.
- Deberán traer sempre unha muda completa de reposto.
- Os nenos que durman a sesta deberán estar na escola antes das 14:00 horas .
- Os teléfonos de contacto deberán estar actualizados en todo momento.
- Non se administrarán medicamentos sen a autorización escrita correspondente.
- Prégase puntualidade á hora de recollida dos nenos/as.
- Pasado o período de adaptación, os nenos/as non deberán traer xoguetes da casa á escola. No caso contrario a escola non se fará responsable deles.
- Non deberán traer caramelos nin ningún outro tipo de lambetadas para os nenos/as .
- Non se poderá traer da casa ningún alimento para darlle mentres permanezan no centro(galletas, iogur, ...) **Agás os nenos que almorzan, comen ou merendan, durante o período que o centro non conta con cociña.**
- Os pais/nais poderán solicitar unha reunión coa dirección ou resto do persoal no horario establecido para tal fin.